

imporase no seu grao medio e será do 20 %, co límite de 400,00 €, e si a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30%, co límite de 900,00 €.

## XII. INCORPORACIÓN AO REGISTRO PÚBLICO DE SUBVENCIONS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA

1. En cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, Xeral de subvencións e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da entidade beneficiaria serán remitidas á Intervención Xeral da Administración do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista no citado precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o previsto na Lei Orgánica 15/1999, do 13 de decembro.
2. Asímesmo, en cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvenciones de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro Público de Axudas, Subvencións e Convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.
3. Segundo o previsto no artigo 18 de la Lei 38/2003, Xeral de Subvencións, a concesión da subvención á entidade beneficiaria publicaráse no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web [www.dicoruna.es](http://www.dicoruna.es).
4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación Provincial da Coruña.

## XIII. VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN

1. O presente convenio ten carácter retroactivo, para os efectos de imputación dos gastos, e abranguerá os devengados dende o día 1.06.2015, sen que en ningún caso sexan subvencionables os gastos devengados con anterioridade á citada data, e conservará a súa vixencia ata o 30.06.2016.
2. Para o caso de que a entidade beneficiaria non poida presentar a xustificación das actividades realizadas antes do 30.04.2016, deberá solicitar, antes desta data, a prórroga do prazo inicial, achegando unha solicitude motivada, co fin de que a Deputación poida acreditar a existencia de crédito adecuado e suficiente para o pago que proceda, do importe correctamente xustificado. Acreditada esta circunstancia, a Deputación poderá conceder a prórroga solicitada, que en ningún caso poderá exceder do 30.06.2016. A esta data, o convenio quedará definitivamente extinguido, de xeito que a entidade beneficiaria perderá o dereito ao cobro do importe correspondente á cuantía non xustificada a dita data.
3. Tamén, por acordo expreso de ambas as dúas partes e previos os informes da Unidade Xestora, do servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación, o convenio poderá ser obxecto de modificación. En ningún caso se poderá modificar o convenio variando sustancialmente el obxecto da subvención concedida e prevista nominativamente por acordo plenario.

## XIV.- NATURALEZA, INTERPRETACIÓN E XURISDICCIÓN COMPETENTE.

1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, de 18 de novembro, xeral de Subvencións, e na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.
2. Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio crearase unha comisión de seguimento formada por dous representantes de cada unha das institucións nomeados polo Presidente da Deputación e o da entidade beneficiaria, respectivamente.
3. Corresponderalle aos órganos da xurisdicción contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias prevista na Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora de dita xurisdicción, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por acordo do Pleno Corporativo de data 30 de decembro do 2015.

E en proba de conformidade, asinan por cuadruplicado exemplar o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento.



DEPUTACION PROVINCIAL DA CORUÑA  
SERVIZO DE CONTRATACION



Numero 16/2016

## CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E A ASOCIACIÓN LEDICIA CATIVA, PARA O FINANCIAMENTO DO PROXECTO "ACOLLIDA TEMPORAL DURANTE O ANO 2015 DE NENOS AFECTADOS POLA RADIACIÓN NUCLEAR DE CHERNÓBIL"

Na Coruña, o 15 de xaneiro de 2016

### REUNIDOS

Dunha parte D. Antonio Leira Piñeiro, Deputado de Economía, Facenda, Contas e Réxime Interior, en virtude das resolucións da Presidencia num. 15671/2015 e num. 16642/2015, polas que se lle delega competencia para asinar convenios da súa área, e

Dotra, D. Javier Armesto Andrés, con DNI 33.432.335-H, en representación da Asociación LEDICIA CATIVA, Cif G-32298101, con domicilio social na Avda. Habana, 57, 32004 - Ourense, en calidade de representante designado pola citada Asociación.

Ambos comparecentes recoñécense mutuamente capacidade, lexitimación e representación suficientes para formalizar o presente convenio de colaboración, e

### EXPOÑEN

A Asociación Leticia Cativa (a beneficiaria, en adiante) é unha asociación sen ánimo de lucro, constituída no 2002, ao amparo da Lei 1/2002, de 22 de marzo, reguladora do dereito de asociación. Entre os seus fins figura, entre outros, a colaboración internacional mediante o desenvolvemento de proxectos sociosanitarios mediante a organización do descanso recuperativo en España de nenos procedentes de países afectados por catástrofes nucleares, ecolóxicas ou condicións extraordinarias, co fin de favorecer a súa rehabilitación física, sanitaria e social.

O proxecto "Acollida temporal durante o ano 2015 de nenos afectados pola radiación nuclear de Chernóbil" se desenvolve dende hai anos e consiste na acollida temporal de menores de idade procedentes de casas de acollida e familias tuteladas pola Federación Rusa, da Rexión rusa de Briansk, que foi a máis afectada pola radiación de Chernóbil no 1986.

Aínda que o proxecto se desenvolve en toda Galicia, o obxecto da solicitude de axuda á Deputación refírese aos 25 rapaces e rapazas que foron acollidos por familias voluntarias dende finais de xuño ate finais de agosto de 2015, en localidades da Provincia da Coruña. Como os gastos derivados do acollemento son asumidos polas familias voluntarias, o importe da axuda solicitada á Deputación está destinada a aliviar os custes de desprazamento e estadia dos participantes, exceptuando os que foron acollidos nos Concellos da Coruña e Narón, porque estes concellos colaboraron coas familias respectivas no financiamento destes gastos.

O proxecto que a beneficiaria promove, ten por obxecto unha actividade que se inxire nas orientacións estratéxicas da cooperación galega e da española, ao afectar ás vítimas de desastres ambientais, como é o caso da poboación afectada polo accidente sufrido no 1986 na Central de Chernóbil, segundo se describe tanto no "Plan Director da Cooperación Galega 2014 - 2017" como no "Plan Director da Cooperación Española 2013 - 2016".

Na súa virtude, ambas as dúas partes manifestan a súa vontade de colaboración, nos termos do presente convenio e con suxección ás seguintes

### CLÁUSULAS

#### I. OBXECTO DO CONVENIO

O proxecto de "Acollida temporal durante o ano 2015 de nenos afectados pola radiación nuclear de Chernóbil" consiste no acollemento temporal de menores de idade procedentes de casas de acollida e familias tuteladas pola Federación Rusa, da Rexión rusa de Briansk, que foi a máis afectada pola radiación de Chernóbil no 1986.

Aínda que o proxecto se desenvolve en toda Galicia, o obxecto do presente convenio refírese aos 25 rapaces e rapazas que foron acollidos dende finais de xuño ate finais de agosto de 2015, no seno de familiar residentes en diferentes localidades de concellos da Provincia da Coruña (excepto nos de Narón e A Coruña).

Como os gastos derivados do acollemento son asumidos polas familias voluntarias, o importe da axuda solicitada á Deputación está destinada a aliviar os custes de desprazamento e estadia dos participantes, exceptuando os que foron acollidos nos Concellos da Coruña e Narón, porque estes concellos colaboraron coas familias respectivas no financiamento destes gastos.

A execución e coordinación do proxecto estará a cargo da Asociación Leticia Cativa, que actuará en colaboración coas familias voluntarias e co persoal adulto de acompañamento dende Rusia, que ostentan a tutela e representación legal dos menores, sendo a entidade beneficiaria a responsable de xestionar as autorizacións e permisos necesarios para a súa estancia temporal e demais servizos e atencións médicas que sexan necesarios.

#### II. ORZAMENTO

O orzamento de execución do proxecto afecta aos 25 nenos/as acollidos en localidades de concellos da Provincia da Coruña (excepto os de Narón e A Coruña), que ascende a **18.028,38 €**, segundo o seguinte desglose.

O PRESIDENTE, P.D.  
O DEPUTADO DE ECONOMÍA, FACENDA, CONTAS, PERSOAL E RÉXIME  
INTERIOR

Asdo.: Antonio Leira Piñeiro

O PRESIDENTE DA ASOCIACIÓN LEDICIA CATIVA,

Asdo.: Javier Armesto Andrés

CONCEPTO	IMPORTE
Billetes de avión Moscú-Madrid-Santiago de Compostela (i/v)	13.788,50 €
Seguros (asistencia viaje, responsabilidad civil, etc.)	1.529,75 €
Gastos gestión representante en Rusia	1.250,00 €
Intérpretes y tutoras	478,40 €
Gastos administrativos (correos, mensajería, notario, etc.)	384,40 €
Teléfono	531,52 €
Comisiones bancarias y tasas	65,81 €
<b>TOTAL</b>	<b>18.028,38 €</b>

### III. FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS

1. A Deputación comprométese a colaborar no financiamento do proxecto cunha achega máxima de 10.000,00 euros, o que equivale a un coeficiente de financiamento do 55,4681 %. No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 55,4681 % da cantidade efectivamente xustificada. A contía restante, ata acadar o importe total do orzamento da actividade, está financiado con cargo a recursos propios ou alleos, acreditando a entidade beneficiaria que ten consignado o crédito adecuado e suficiente para imputar a totalidade do gasto imputable á entidade.
2. Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75,00 % do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito á súa percepción.
3. O importe do financiamento provincial poderá facerse efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0520/23131/481, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.
4. Esta subvención é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a entidade beneficiaria obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xunto coa subvención provincial, non supere en ningún caso o coste total do gasto efectivamente xustificado.
5. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere importe do gasto efectivamente xustifico, minorarase a aportación provincial no importe necesario para darlle estricto cumprimento ao apartado anterior.

### IV. CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN

1. O outorgamento dos contratos de servizos, asistencia ou subministrados necesarios para a execución da actividade corresponderálle á entidade beneficiaria. Non se poderá contratar a realización de prestacións con persoas ou entidades vinculadas á entidade beneficiaria, nin con calquera outra na que conorra algunha das circunstancias ás que se refire o artigo 29.7 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións.
2. Se o importe dalgunha das prestacións supera 18.000 euros, con carácter previo á contratación, a entidade beneficiaria deberá solicitar alomenos tres orzamentos a distintos provedores. Entre as ofertas recibidas, deberase elixir unha delas de acordo con criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia sobre a oferta máis vantaxosa economicamente.
3. No caso de que a entidade beneficiaria tramite e aprobe algunha modificación do proxecto inicialmente aprobado, así como do contrato adjudicado, deberá remitir á Deputación un exemplar do proxecto modificado, achegando co mesmo os informes emitidos e a certificación do correspondente acordo.

### V. PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL

1. Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades, sexa por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.
2. Coa memoria e conta xustificativa achegaranse os documentos que acrediten o cumprimento desta obriga da entidade beneficiaria.

### VI. XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A SUBVENCIÓN

1. A achega da Deputación seralle abonada á entidade beneficiaria unha vez que presente a seguinte documentación:

- 1.1. Memoria de actuación, suscrita polo representante legal da entidade beneficiaria, xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos. A esta memoria se acompañará unha reportaxe fotográfica das actividades realizadas.
- 1.2. Relación clasificada dos gastos realizados, na que se indiquen os acredores co seu NIF (ou similar), os documentos xustificativos, os importes e, no seu caso, datas de pago. Tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula SEGUNDA. Con esta relación achegaranse os orixinais ou copias debidamente compulsadas das facturas e demais xustificantes de gasto. No caso de que se presenten copias compulsadas, con carácter previo á compulsión deberá estenderse unha dilixencia sobre o orixinal na que se deixe constancia de que foi presentada como xustificante de gasto para o cobro dunha subvención outorgada pola Deputación da Coruña.
- 1.3. Certificación da aprobación das facturas e demais documentos xustificativos polo órgano competente.
- 1.4. Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o previsto na cláusula oitava.
- 1.5. Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.
- 1.6. Proba do cumprimento das obrigas asumidas na cláusula QUINTA, mediante a presentación de documentos nos que conste a publicidade do financiamento provincial.

2. Para os efectos de cuantificar o gasto subvencionable xustificado en moeda distinta ao euro, o Servizo de Desenvolvemento Territorial e Medio Ambiente determinará o contravalor tendo en conta os sistemas contablemente admitidos. Todos os pagamentos que realice a Deputación serán en moeda euro.

### VII. TERMO PARA A REALIZACIÓN DA ACTIVIDADE E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN

1. As actividades obxecto de financiamento provincial se desenvolverán durante entre o 1.06.2015 e o 30.09.2015.
2. Unha vez rematadas as actividades, a entidade beneficiaria deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula sexta no prazo máximo de DOUS MESES antes do vencemento do período de vixencia do convenio establecido na cláusula decimo-terceira.
3. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requerimento á entidade beneficiaria para que á presente no prazo improrrogable de QUINCE DÍAS. A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional conlevará a perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicábel ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá á entidade beneficiaria da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na Base 55.6ª das de execución do Orzamento da Deputación, lle poida corresponder.
4. O aboamento da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada pola entidade beneficiaria na documentación presentada. Se tiveran transcorrido máis de catro meses desde a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que tivera cobrado o importe que lle corresponda, a entidade beneficiaria terá dereito ao aboamento dos xuros de demora, ao tipo de interés legal, que se devenguen desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

### VIII. ACREDITACIÓN DO CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E SOCIAIS

1. A entidade beneficiaria deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social.
2. A acreditación do cumprimento de ditas obrigas poderá realizarse mediante declaración responsábel expedida polo órgano competente, mediante a presentación dos correspondentes certificados ou ben autorizando á Deputación a que obteña telemáticamente os correspondentes certificados.
3. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación Provincial determinarse de oficio por ésta.

### IX. DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS

1. A entidade beneficiaria destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.
2. Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do receptor. Só excepcionalmente se poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 150,00 €, nos que non resulte posíbel a utilización dun dos medios anteriormente indicados.
3. Sen prexuízo dos libros e rexistros contables que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, a entidade beneficiaria deberá contar polomenos cun rexistro cronolóxico de cobros e pagamentos nos que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificadas e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

### X. CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO

1. Conforme co disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, a entidade beneficiaria poderá ser seleccionada pola Intervención Provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que impón o presente convenio de colaboración.
2. Asimesmo, de acordo co previsto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a entidade beneficiaria queda sometida aos procedimentos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, se é o caso, segundo o previsto na Lei Orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedimentos de axuízamento contable que poda incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

### XI. REINTEGRO, INFRACCIÓN E SANCIÓNS

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá conlevar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pagamento dos intereses de demora que se devenguen dende o día no que se realizou o pagamento ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciarase de oficio e na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións, e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), con audiencia do interesado.
2. Sen prexuízo do anterior, dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, coa aplicación do cadro de sancións previstas nas normas citadas na Base 54ª das de Execución do Orzamento da Deputación.
3. De conformidade co disposto na Base 54.6 das de Execución do Orzamento da Deputación, o retraso na realización das actividades conlevará unha sanción dun 10% do importe da subvención, co límite de 75,00 €; si o retraso excede de tres meses a sanción será dun 20%, co límite de 150,00 €..
4. Si o retraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción prevista na Lei se imporá no seu grao mínimo e será do 10% do importe da subvención concedida, co límite de 75,00 €, si excede dun mes e non cheegase a tres, a sanción